


SAÍDA SOCIOEDUCATIVA A XINZO E CELANOVA

DATA: Sábado 24 de febreiro

DÍA DE INSCRICIÓN: 9 de febreiro no Departamento de Servizos Sociais de 09.00 a 15.00 h.

PERSOAS DESTINATARIAS: 54 persoas maiores de 55 anos do Concello de Bergondo.

DESCRICIÓN:

7.30 a 8.30	Recollida das persoas participantes polas parroquias do Concello de Bergondo.
8.30 a 11.00	Saída de Bergondo cara Xinzo de Limia, con parada técnica no camiño
11.00 a 12.30	<p>Visita guiada no Museo do Entroido de Xinzo de Limia</p>  <p>O Museo do Entroido é a exaltación do Entroido en Xinzo de Limia. Nel amósanse os obxectos, informacións e curiosidades dunha das celebracións mais importantes da cultura e antropoloxía de Galicia. Neste espazo pódense contemplar dende os tradicionais carros, ata as máscaras e maniqués e, ademais, acolle a sede da asociación A Pantalla, nome da persoaxe típica da festa.</p>
12.30 a 13.45	Tempo Libre por Xinzo de Limia
13.45 a 15.45	<p>Xantar en Xinzo de Limia no Restaurante Orly.</p> <p>Xantar co seguinte menú: 1º Caldo galego 2º Cocido Sobremesa: Hoxaldres Bebidas e café</p>
15:45 a 16.00	Traslado o restaurante ata Vilar de Santos
16.00 a 17:30	<p>Visita ao Museo Etnográfico da Limia http://www.museodalimia.com/ Inaugúrase no ano 1992 na Escola Unitaria de Vilar de Santos, cunha colección de pezas etnográficas recollidas na comarca por profesorado e alumnado do Instituto de Xinzo de Limia. Tempo despois, o Concello de Vilar de Santos consegue a cesión da Reitoral da parroquia para a súa rehabilitación, decidíndose adicar este espazo á preservación da Memoria dos Limiaos.</p>



O museo etnográfico de Vilar de Santos está considerado un dos mellores de Galicia no seu xénero. Está adicado á vida e ao saber tradicional da comarca do Limia. É: "*La morada de la memoria antelana*" nome co que se coñece tamén na comarca e a súa antiga laguna, a mais grande extensión de agua dulce do Estado Español, ata que foi desecada nos anos 60.

17.30 a 17.45

Desprazamento a Celanova

18.00 a 19.00

Visita libre en Celanova.



Celanova é un municipio da Comarca de Terra de Celanova na provincia de Ourense, sobre a súa historia é reseñable, que Celanova e San Rosendo, son case a mesma cousa. A vila nace ao calor dun mosteiro, S. Salvador, fundación de Rosendo no século X. Rosendo enche a historia da arte celanovesa. Naceu na vila de Salas no ano 907, foi bispo de Mondoñedo, pero máis amante do silencio e da soidade que do poder, fundou este cenobio que tivo como primeiro abade a Franquila, retirándose a el no ano 944. Ordoño II fíxolle abandonar ao nomealo gobernador de Galicia e no ano 970 administrador da diocese compostelá. No ano 974 volveu a Celanova para morrer tres anos despois, o 1 de marzo, pervivindo, con todo por sempre na alma misteriosa desta vila entrañable.

19.00 a 21.00

Traslado a Bergondo

21.00 a 22.00

Reparto das persoas participantes polas parroquias do Concello de Bergondo.